XUNTA DE GALICIA

PROXECTO ABALAR

# espazoAbalar

O **Proxecto Abalar**, é un compromiso da Xunta de Galicia coa cidadanía galega, no ámbito da integración das TIC na práctica educativa, cuxo obxectivo principal é o de transformar os centros educativos tradicionais en centros educativos dixitais para:

- ❑ Acadar a plena alfabetización das TIC entre os profesores/as e alumnos/as galegos.
- ❑ Modernizar o sistema educativo galego.
- ❑ Mellorar a calidade da ensinanza en Galicia.
- ❑ Reducir o fracaso escolar.

O **Proxecto Abalar**, ademais de garantir a **dotación e o mantemento da infraestrutura TIC** en todos os centros educativos coa entrega de ultraportátiles aos alumnos/as e a dotación de aulas dixitais por medio do portátil para o profesor/a, o encerado dixital interactivo e o proxector, os armarios de carga dos ultraportátiles e as redes Wifi, tamén se encargará de **fomentar a cultura dixital** por medio da formación aos docentes e ás familias, dotar ao profesorado e ao resto da comunidade educativa de contidos e recursos educativos dixitais e facer que o proxecto teña presenza na Web por medio do **espazoAbalar.**

A estratexia do Proxecto Abalar xira arredor do concepto de **centro educativo dixital**. Persegue dispor de **recursos humanos e pedagóxicos**, así como de **infraestruturas e servizos axeitados** para o uso da tecnoloxía por parte de **todos os axentes da comunidade educativa**, na actividade **docente**, de **aprendizaxe** e **administrativa**.

O proxecto Abalar leva a cabo un **proceso de cambio** no que converxen de forma coordinada e aliñada os seguintes eixos sobre os que se desenvolve o proxecto...



# O Proxecto Abalar



# O espazoAbalar



O **espazoAbalar**, é o referente dos servizos educativos en Galicia para toda a comunidade. Trátase dunha moderna plataforma de última xeración desenvolvida pola Consellería e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA):

- **Achegar a educación aos cidadáns**, incrementando a eficacia dos servizos que se lle proporcionan.

- **Desenvolver as TIC no ámbito educativo**, fomentando a participación e motivación do alumnado e loitando contra o fracaso escolar.

O novo portal do **Proxecto Abalar**, modificou a súa imaxe e conta cunha gran variedade de contidos que están dispoñibles para toda a comunidade educativa, polo que calquera usuario poderá acceder e consultar a información e funcionalidades que aí se recollan.



O portal do **Proxecto Abalar**, permite:

- Modificar o idioma
- Realizar consultas e suxestións
- Acceder á información orientada a cada tipo de usuario e aos servizos: espazo Familias, Profesorado e Centros
- Seguir o proxecto nas redes sociais : Redeiras, Facebook, Twitter…
- Ler as últimas noticias



# O espazoAbalar

PROXECTO ABALAR

- Visualizar os recursos máis destacados: vídeos, audios, etc
- Consultar toda a información relevante do Proxecto Abalar
- Acceder ao Repositorio de contidos educativos dixitais
- Visualizar os vídeos de Abalar en Youtube
- Compartir experiencias TIC na aula con outros usuarios




XUNTA DE GALICIA

# O espazoAbalar

PROXECTO ABALAR



Na parte superior da páxina principal do portal podemos acceder ás seguintes funcionalidades:

Dende o apartado **"Atendémolo/a"**, poderá enviar a súa pregunta ou comentario sobre o espazoAbalar

Permite acceder a cambiar o **idioma do portal**.




A través deste enlace, accedemos a cada un dos tres apartados de **contidos orientados**: Alumnado e familias, centros e profesorado, e prensa, segundo a información que consultar.

Estes apartados son públicos, é dicir, calquera usuario poderá acceder a eles e consultar o seu contido.

***familias e alumnado***



***centros e profesorado***



***prensa***



Na parte dereita, encóntrase o apartado de **" Acceso ao portal de servizos ",** que é o punto de acceso aos servizos e funcionalidades destinadas a familias, profesores e centros.

Para acceder a este espazo é necesario autenticarse, xa que accedendo co perfil correspondente, poderanse consultar datos e información do propio usuario.



Na portada encontrámonos tamén coas seguintes funcionalidades:

A plataforma mostra un acceso aos distintos espazos de **Abalar na rede**:







Aquí móstranse as noticias relacionadas con espazoAbalar. A icona que aparece á esquerda de cada titular, representa o emisor da noticia:

- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- espazoAbalar
- Privado

O apartado de **buscador** permite realizar búsquedas de contidos polo portal de espazoAbalar.




No **repositorio Abalar** habilitanse os recursos educativos para o seu uso por parte da comunidade educativa.



# O espazoAbalar



O portal Abalar conta cun punto de acceso a diferentes **blogs,** que permiten cubrir todas as necesidades dos usuarios do portal.

Hai blogs de diferentes temáticas como: Contando ata un, tecnoloxía educativa en Abalar, etc.







O apartado de **recurso destacado**, permite dispor dunha vista rápida, daqueles contidos que sexa conveniente difundir durante un período de tempo. Pode tratarse de noticias, vídeos, ligazóns, recursos, etc.

O apartado de **etiquetas por temas** permite ver un conxunto de novas dun tema concreto.



# O espazoAbalar

PROXECTO ABALAR

Na parte final da páxina principal do portal atopámonos con catro accesos a diferentes funcionalidades e información.






Toda a **información dispoñible sobre o Proxecto Abalar** mostrarase premendo nesta sección. Detállase todo o relacionado con este proxecto (preguntas frecuentes, guías de axuda sobre o funcionamento dos servizos, estatísticas..).




Este apartado mostra un acceso aos distintos espazos de **Abalar na rede** como redeiras, facebook e twitter.




O apartado de **Abalar en Youtube** recolle os vídeos do proxecto que están publicados neste canle.




O apartado **Experiencias. Aulas 2.0** preséntase como un espazo onde a comunidade educativa pode compartir todo tipo de experiencias sobre a introdución e o uso das TIC nas aulas.

# Acceso ao apartado de Blogs

Do mesmo xeito que no caso do Repositorio de Contidos, para acceder ao apartado de **Blogs Abalar** non é necesario estar autenticado, xa que é accesible para todos os visitantes.

Ao apartado de **Blogs Abalar** pódese acceder de dúas maneiras:

1) Dende a páxina principal do portal:



Seleccione no apartado de **Blogs Abalar** o título do Blog que desexa consultar

2) No apartado de contidos orientados:



Seleccione no apartado de **Blogs que lle poden interesar,** o Blog que desexa consultar

Unha vez seleccionado o Blog que se quere consultar aparece a seguinte pantalla:




**Cal é a temática deste blog?**
Este apartado informa acerca do tema do blog que se está consultando

**Sobre os autores**
Información a cerca do autor/a ou autores do Blog

**A súa petición**
Posibilita a opción de facer algunha consulta acerca dos Blogs xa existentes, ou propor e solicitar un novo tema para un Blog. Para iso é necesario cubrir os tres campos e pulsar **Enviar**

**Voto e Resultado**
Esta opción permite que se **Vote** o blog que se está consultando. Ademais na opción de **Resultado** pódese consultar a puntuación obtida para o presente Blog

# Acceso ao apartado de Experiencias

Do mesmo xeito que ocorre no caso do Repositorio de Contidos e dos Blogs Abalar, para acceder ao apartado de **Experiencias** non é necesario estar autenticado, polo que todos os visitantes poden acceder a esta sección.

Poderá acceder ao apartado de **Experiencias** tan só se ten que seleccionar esta opción na pantalla de inicio




Seleccionar o apartado de **Experiencias** na parte inferior da páxina principal do portal.

# Experiencias

Consultar os **pasos a seguir para participar** neste apartado e acceder ao **formulario de participación** para compartir a experiencia co resto da comunidade educativa.
Na pestana de “**Preguntas Frecuentes**” respóndense aquelas dúbidas máis comúns nos usuarios.




Pode consultarse cales son as “experiencias” máis votadas.

Aquí detállase cales son os **usuarios máis activos**, é dicir, aqueles que máis participan nesta sección compartindo as súas experiencias co resto da comunidade educativa.

# Contidos para os Centros

**Contidos**
Aquí están todos os contidos e noticias relativas ao espazoAbalar dirixidos ao profesorado e centros: Publicacións, experiencias, guías, equipamento, recursos…




**Aula Virtual Aberta**

**Repositorio de contidos dixitais**

**Abalar en Facebook**

**Información sobre o Proxecto Abalar**

**Buscador**
Realización de búsquedas de contidos no portal

**Atendémolo**
Pódese enviar unha pregunta ou comentario sobre espazoAbalar

**Calendario**
Permite ver os eventos fixados en cada mes

**Enquisas**
Preguntas ás que poderá contestar sobre o Proxecto Abalar

# Acceso ao espazo Centros



Ademais do acceso ao apartado contidos orientados a centros, tamén poderán acceder ao servizo "espazo Centros". Para isto, será necesario que se autentiquen e desta maneira entrarán no seu propio perfil e poderán consultar toda a información aí recollida.

Para acceder a este espazo, seleccionar na pantalla de inicio o apartado de **Acceso aos servizos.**






# Acceso ao espazo Centros



# Acceso ao espazo Centros

Para acceder ao espazo Centros por medio do **DNI electrónico** é necesario dispoñer dun ordenador con lector de tarxetas.

1. Introducir o DNI electrónico no lector de tarxeta
2. Seleccionar a opción do DNI electrónico
3. Introducir o **PIN** e pulse **Aceptar**






# Acceso ao espazo Centros

Para acceder ao espazo Centros por medio do **certificado dixital FNMT,** hai que seguir os seguintes pasos.

1. Seleccionar a opción do certificado dixital FNMT
2. Seleccionar o certificado no despregable
3. Pulsar o botón **Aceptar**






Para obter o certificado se se trata dunha persoa física, é imprescindible contar cun ordenador que teña acceso a Internet, acceder á páxina www.ceres.fnmt.es. e:

I. Solicitar o certificado.

II. Acreditar a identidade mediante personación física nunha oficina de rexistro.

III. Descargar o certificado dende Internet no seu ordenador.

No caso de que se prefira acceder por medio do **usuario e contrasinal do correo da Consellería** débense seguir os seguintes pasos:

1. Seleccionar a opción do usuario e contrasinal
2. Introducir os seu usuario e contrasinal
3. Pulsar o botón **Entrar**






# O espazo Centros




Posibilita a autorización de novos usuarios ao espazo Centros. Esta opción só estará dispoñible para o director/a do centro

Permite a xestión de avisos a colectivos formados por responsables ou docentes do seu centro e a xestión de avisos a grupos

# O espazo Centros

Para consultar, crear ou modificar os **avisos a colectivos**

Para ver os avisos, seleccionar o **destinatario do aviso** (aviso aos responsables, aviso ao profesorado ou aviso do centro

Unha vez filtrada a busca, a aplicación amosara os **avisos** que cumpren os requisitos marcados, así como a **data de publicación,** a **data de fin de validez e o autor**

**Eliminar** aqueles avisos que non necesita




Para **crear un novo aviso a colectivos**:

1. Pulsar o botón **Crear aviso**
2. Cubrir os datos que se solicitan
3. E finalmente, seleccionar o botón **Gardar**

Seleccionando o botón **Ver detalle**, mostrarase toda a información introducida no momento da creación do aviso. Tamén se pode realizar **modificacións** en calquera dos campos.

PROXECTO ABALAR



**Publicación de cualificacións**

Ensinanza: Educación secundaria obrigatoria

| Grupo | Avaliacion | Publicada | Data publicación |
|---|---|---|---|
| 1º ESO - A | 1ª Ava. | Si | 10/01/2011 |
| 1º ESO - A | 2ª Ava. | Non | |
| 1º ESO - A | 3ª Ava. | Non | |
| 1º ESO - A | Ord. | Non | |
| 1º ESO - A | Extra. | Non | |
| 1º ESO - B | 1ª Ava. | Non | |
| 1º ESO - B | 2ª Ava. | Non | |
| 1º ESO - B | 3ª Ava. | Non | |
| 1º ESO - B | Ord. | Non | |
| 1º ESO - B | Extra. | Non | |
| 2º ESO - A | 1ª Ava. | Non | |
| 2º ESO - A | 2ª Ava. | Non | |
| 2º ESO - A | 3ª Ava. | Non | |
| 2º ESO - A | Ord. | Non | |
| 2º ESO - A | Extra. | Non | |
| 2º ESO - B | 1ª Ava. | Non | |
| 2º ESO - B | 2ª Ava. | Non | |
| 2º ESO - B | 3ª Ava. | Non | |
| 2º ESO - B | Ord. | Non | |
| 2º ESO - B | Extra. | Non | |
| 3º ESO - A | 1ª Ava. | Non | |

Avaliación: -- | Publicar

Modificar | Aceptar | Cancelar

Pulsar no despregable e seleccione a opción **Si**, se quere *publicar* as cualificacións *individualmente*

Para publicar as *cualificacións* dunha avaliación para todos os *grupos* premer no **despregable** e seleccionar o botón **Publicar**

Premer o botón **Aceptar** para que se rexistren os cambios

# Contidos para o Profesorado

Na páxina principal do portal, existe unha sección de Contidos orientados na que se recolle información de interese para os usuarios de cada apartado.

Para acceder á información para os profesores, seleccione na pantalla de inicio o apartado de **Contidos orientados - Centros e Profesorado**

Seleccionar a opción **Centros e Profesorado**




Dentro do apartado centros e profesorado, podemos encontrar:

**Contidos**
Encontraremos todos os contidos e noticias relativas ao espazoAbalar dirixido ao profesorado e centros: Publicacións, experiencias, guías, equipamento, recursos




**Buscador**
Realización de búsquedas de contidos no portal

**Atendémolo**
Pódese enviar unha pregunta ou comentario sobre espazoAbalar

**Aula Virtual Aberta**
Aula con todos os materiais formativos do Proxecto Abalar

**Repositorio de contidos dixitais**
Posibilita el acceso á plataforma de xestión, difusión e emprego dos recursos educativos dixitais

**Calendario**
Permite ver os eventos fixados en cada mes

**Abalar en Facebook**
Acceso ao apartado de Abalar na rede social de Facebook

**Enquisas**
Preguntas ás que poderá contestar sobre o Proxecto Abalar

**Información sobre o Proxecto Abalar**
Acceso a toda a información sobre o Proxecto Abalar

# Acceso espazo Profesorado

Ademais do acceso ao apartado contidos orientados a centros e profesorado antes explicado, os profesores/as tamén poderán acceder ao servizo "espazo Profesorado". Para isto, será necesario que se autentiquen e desta maneira entrarán no seu propio perfil e poderán consultar toda a información aí recollida.

Para acceder a este espazo, seleccione na pantalla de inicio o apartado de **Acceso aos servizos.**




Seleccionar a opción **Acceso aos servizos**

# Acceso ao espazo Profesorado

espazoAbalar

Atendémolo/a | Accesibilidade

**GALEGO** | CASTELLANO




Usuario/a: Sen identificar

Inicio

## Acceso a espazoAbalar

Para acceder á información do portal *espazoAbalar* é necesario estar autenticado. Pódese realizar a autenticación de dúas maneiras distintas:

**Por DNI Electrónico**

Se dispón de DNI electrónico, e desexa acceder con el, asegúrese de que o DNI está inserido no lector de tarxetas, fose configurado correctamente no ordenador e pulse no **enlace**.

Para obter máis información sobre os requisitos e a utilización do DNI electrónico visite a páxina do Corpo Nacional de Policía.

**Por Certificado Dixital FNMT**

Se dispón de certificado dixital da "Fábrica Nacional de Moneda y Timbre" e desexa acceder ao portal con el, logo da instalación do mesmo no navegador, pulse **aquí**.

Consulte a páxina do CERES para obter información sobre este certificado.

**Por usuario e contrasinal**

Se dispón de usuario e contrasinal pode acceder ao portal pulsando **aquí**.

**Só profesorado e persoal de centros**

# Acceso ao espazo Profesorado

Para acceder ao espazo Profesorado por medio do **DNI electrónico** é necesario dispoñer dun ordenador con lector de tarxetas.

1. Introducir o DNI electrónico no lector de tarxeta
2. Seleccionar a opción do DNI electrónico
3. Introducir o **PIN** e pulse **Aceptar**






# Acceso ao espazo Profesorado

PROXECTO ABALAR

Para acceder ao espazo Profesorado por medio do **certificado dixital FNMT,** hai que seguir os seguintes pasos.

1. Seleccionar a opción do certificado dixital FNMT
2. Seleccionar o certificado no despregable
3. Pulsar o botón **Aceptar**







Para obter o certificado se se trata dunha persoa física, é imprescindible contar cun ordenador que teña acceso a Internet, acceder á páxina www.ceres.fnmt.es. e:

I. Solicitar o certificado.
II. Acreditar a identidade mediante personación física nunha oficina de rexistro.
III. Descargar o certificado dende Internet no seu ordenador.

# Acceso ao espazo Profesorado

PROXECTO ABALAR

No caso de que se prefira acceder por medio do **usuario e contrasinal do correo da Consellería** débense seguir os seguintes pasos:

1. Seleccionar a opción do usuario e contrasinal
2. Introducir os seu usuario e contrasinal
3. Pulsar o botón **Entrar**






# Acceso ao espazo Profesorado



# O espazo Profesorado

Actualmente, o acceso ao espazo Profesorado, está dispoñible para todos os docentes que sexan titores/as ou profesores/as dalgún grupo que imparta ensinanzas en centros públicos e privados de **educación infantil, primaria, secundario, bacharelato, ciclos formativos e PCPI**. Os docentes que non sexan titores/as ou profesores/as dun dos centros mencionados anteriormente, poderán acceder á aplicación de datos persoais e ligazóns.

Os docentes que non sexan titores/as ou profesores/as, unha vez autenticado no **espazo Profesorado** o primeiro que deberá facer será seleccionar con que grupo (dos que é profesor/a ou titor/a) desexa acceder ás funcionalidades.



# O espazo Profesorado

Unha vez autenticado no **espazo Profesorado** e seleccionado o grupo co que desexa traballar, pódese realizar unha variedade de accións que se explican a continuación:

Nome do usuario que accedeu ao espazoAbalar

Permite o peche da sesión na que está rexistrado




Posibilita o acceso á aplicación de datos persoais e ás ligazóns

Permite o acceso á xestión de subscricións, incidencias na aula, avisos a grupos de alumnos/as, avisos e notificacións ou citas de titoría.
No caso de que se utilice a aplicación como titor/a dun grupo estarán habilitadas todas as funcionalidades. Se pola contra, se seleccionou un grupo do que é profesor/a (e non titor/a), non se terán habilitadas as funcionalidades de citas de titoría

Premendo no botón **Cambiar,** o usuario pode seleccionar outro dos grupos dos que é profesor/a ou titor/a. Esta ligazón estará dispoñible en todas as pantallas sempre e cando o docente sexa titor/a e/ou profesor/a de máis dun grupo

Para consultar ou modificar os datos persoais, seleccionar a opción **Aplicación de datos persoais**

**1** Para acceder aos datos é preciso premer no botón **Entrar** e introducir posteriormente o **nome de usuario/a** e o **contrasinal** da conta de correo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria




**2** Unha vez identificado coa conta, pódese acceder á opción **Datos Persoais**, para consultar ou modificar* o enderezo, a conta de correo, o teléfono, etc.

** Para modificar o nome, apelidos e DNI terá que dirixirse ao servizo de persoal correspondente.*

# O espazo Profesorado



Neste apartado, cada profesor/a poderá xestionar as súas **ligazóns**, consultando aquelas **ligazóns xerais** creadas pola Consellería e creando e consultando as **ligazóns persoais** creadas por un mesmo.

Acceder ao apartado de **Ligazóns**

Esta sección amosa a **información** de todas as **ligazóns,** detallando o título e a descrición. Pero tamén se poden ordenar as ligazóns persoais pulsando o botón **Ir a**

Tamén está dispoñible en todo momento a opción de **Eliminar**




Para **crear unha nova ligazón**:

1. Premer no botón **Crear ligazón**
2. Cubrir os datos que se lle solicitan
3. E finalmente, seleccionar o botón **Gardar**

Seleccionando o botón **Ver detalle**, amosarase toda a información introducida na creación da ligazón.

Tamén se poden realizar **modificacións** das ligazóns en calquera dos campos.

# O espazo Profesorado

O/A titor/a, ten a posibilidade de xestionar as súas **subscricións** no referente á xustificación de faltas e á solicitude de titorías por parte dos responsables dos/as alumnos/as, e enviar avisos a grupos de alumnos/as ou avisos personalizados a pais e nais.

Para consultar e modificar as notificacións ás que está subscrito, premer no botón **Subscricións**

Permite recibir un correo cos **xustificantes das faltas** realizados polos responsables dos/as alumnos/as

Ofrece a posibilidade de que os responsables dos/as alumnos/as poidan **solicitar unha cita de titoría**, e esta quedará rexistrada no apartado de *citas de titoría*

Esta subscrición permite enviar **avisos** aos responsables dos/as alumnos/as de xeito **personalizado** ou en **grupos**




Para activar as subscricións é necesario premer no botón, e que se amose cun check verde

Finalmente, para que se activen ou desactiven as subscricións seleccione o botón **Gardar**

No apartado **incidencias na aula**, o/a titor/a pode visualizar a todos os/as alumnos/as aos que imparte clase, o nome dos responsables e se estes están subscritos ou non a este tipo de notificacións. Tamén pode enviar avisos a aqueles responsables que están subscritos e ver as incidencias creadas anteriormente.

Acceder á información das incidencias rexistradas na aula

Esta área amosa información de todos/as os/as **alumnos/as** con respecto as subscricións




Esta funcionalidade permite **ver todas as incidencias** que foron creadas

**Enviar os avisos** aos responsables que están subscritos a este tipo de notificacións, especificando a incidencia, as observacións e a data de inicio e de fin de validez

Cando se preme a ligazón "**Ver incidencias creadas" no apartado Incidencias na aula**, amósanse as incidencias creadas para os alumnos dese grupo, tanto polo usuario autenticado, como por outro profesor/a ou titor/a. Se o usuario autenticado é o creador da incidencia, poderá, ademais, eliminar ou modificar a mensaxe.




Detalles concretos da incidencia

Se o usuario foi o creador da incidencia, permitiráselle eliminala

Detalles da incidencia

Os campos incidencia, observacións e data só serán editables se o usuario autenticado é o creador da incidencia

# O espazo Profesorado

O espazo Profesorado tamén permite aos titores/as realizar avisos e consultar aqueles **avisos** realizados previamente **aos responsables do seu grupo de alumnos/as.**

Xestionar os avisos realizados aos responsables dun grupo de alumnos/as, seleccione o apartado

Esta sección amosa a **información** de todos os **avisos a grupos**

**Eliminar** aqueles avisos que non considere necesarios




Para **crear un aviso novo**:

1. Premer no botón **Crear aviso**
2. Cubrir os datos que se lle solicitan
3. E finalmente, seleccionar o botón **Gardar**

Unha vez creados os avisos, pode dispoñer de toda a información introducida no momento da creación do aviso.

Tamén se pode realizar **modificacións** dos avisos en calquera dos campos.

# O espazo Profesorado

Neste apartado, todos/as os/as profesores/as poderán visualizar as **notificacións e avisos** creados polo centro ou pola Administración (Consellería) para cada un dos seus grupos de alumnos/as.

Coñecer os avisos e as notificacións de cada un dos grupos de alumnos/as

Para ver os avisos e as notificacións seleccionar o **grupo de alumnos/as e o centro** e o **tipo de notificación**




Unha vez realizados os filtros da busca, a aplicación amosara cada un dos **avisos** que cumpren os requisitos marcados

**Ver o detalle** de cada unha das notificacións e avisos creados e dispoñer de toda a información introducida polo creador deste aviso no momento da súa creación

# O espazo Profesorado

Finalmente, o espazo Profesorado permite aos titores/as xestionar as súas **citas de titoría** cos responsables de cada alumno/a.

Para realizar un seguimento das titorías: **Citas de titoría**




Neste apartado detállanse todas as citas de titoría

1. Data e hora na que solicitou a titoría
2. Data e hora na que desexa realizar a titoría
3. Estado da cita que pode ser: *pendente de confirmar, confirmada ou anulada*
4. Detalle da cita

Neste apartado podese:

1. **Confirmar** unha cita de titoría solicitada
2. **Anular** unha cita confirmada previamente, detallando os motivos de cancelación
3. Consultar os datos da cita.

# Contidos para Familias

Na páxina principal do portal, existe  unha sección de Contidos orientados na que se recolle información de interese para os usuarios de cada apartado.

Para acceder á información para Familias, seleccione na pantalla de inicio o apartado de **Contidos orientados –Alumnado e Familias**




Dentro do apartado familias e alumnado, pode atopar as seguintes opcións e funcionalidades:

Aquí encontraremos todos os contidos  e noticias relativas ao espazoAbalar dirixidos  ás familias e alumnado: novas, experiencias, equipamento, guías, publicacións..

**Buscador:** Realizar unha búsqueda de contidos por todo o espazoAbalar




**Repositorio de contidos dixitais:** Posibilita o acceso á plataforma de xestión, difusión e emprego dos recursos educativos dixitais

**Atendémolo/a:** Dende aquí pódense enviar preguntas ou comentarios sobre espazoAbalar

**Calendario:** Permite ver os eventos fixados en cada mes

**Abalar en Facebook:** Acceso ao apartado de Abalar na rede social de Facebook

**Enquisas:** Preguntas ás que poderá contestar sobre o Proxecto Abalar

**Información sobre o Proxecto Abalar:** Acceso a toda a información sobre o Proxecto Abalar

# Acceso ao espazo Familias

Ademais do acceso ao apartado contidos orientados a familias e alumnado antes explicado, as familias tamén poderán acceder ao **servizo "espazo Familias".** Para isto, será necesario que se autentiquen e desta maneira entrarán no seu propio perfil e poderán consultar toda a información recollida sobre os seus fillos/as.

Para acceder a este espazo, seleccione na pantalla de inicio o apartado de **Acceso aos servizos.**




Seleccionar a opción **Acceso aos servizos**

# Acceso ao espazo Familias





# Acceso ao espazo Familias

Para acceder ao espazo Fa,ilias por medio do **DNI electrónico** é necesario dispoñer dun ordenador con lector de tarxetas.

1. Introducir o DNI electrónico no lector de tarxeta
2. Seleccionar a opción do DNI electrónico
3. Introducir o **PIN** e pulse **Aceptar**






# Acceso ao espazo Familias

Para acceder ao espazo Familias por medio do **certificado dixital FNMT,** hai que seguir os seguintes pasos.

1. Seleccionar a opción do certificado dixital FNMT
2. Seleccionar o certificado no despregable
3. Pulsar o botón **Aceptar**







Para obter o certificado se se trata dunha persoa física, é imprescindible contar cun ordenador que teña acceso a Internet, acceder á páxina www.ceres.fnmt.es. e:

I. Solicitar o certificado.
II. Acreditar a identidade mediante personación física nunha oficina de rexistro.
III. Descargar o certificado dende Internet no seu ordenador.

# O espazo Familias

O acceso ao espazo Familias, está dispoñible para os pais, nais e titores legais dos alumnos/as matriculados nos **centros públicos e concertados de educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato, ciclos formativos e PCPI.** Tamén poden acceder os alumnos/as cando son legalmente responsables de si mesmos.




Permite o peche da sesión coa a que está rexistrado

Nome do usuario que accedeu ao espazoAbalar

Nome dos/as fillos/as sobre os que pode acceder á información

# O espazo Familias

PROXECTO ABALAR



# O espazo Familias

A opción **"Datos académicos"** permite realizar un seguimento do curso académico no que o/a fillo/a está matriculado/a.

Acceder á información das cualificacións obtidas en cada avaliación e ás faltas de asistencia

**1** Estes botóns permiten o acceso á información de cada unha das avaliacións




**2** En cada avaliación, detállanse as cualificacións obtidas en cada unha das materias

**3** Esta sección ofrece información sobre as ausencias e se están xustificadas

# O espazo Familias

PROXECTO ABALAR

En **“Curso actual”** pódese coñecer a información da matrícula con datos como o curso, o grupo ou as materias cursadas, e outros datos académicos de interese relativos ao fillo/a.

Para acceder aos datos escolares do/a alumno/a

1 Esta área mostra a información do curso e grupo ao que pertence o/a fillo/a e o nome do/a titor/a




2 Pinchando nesta ligazón amosarase o horario do grupo ao que pertence o/a alumno/a

3 Detalle das materias nas que o/a alumno/a está matriculado así como o/a profesor/a responsable de cada materia

4 Ver as materias das que o/a alumno/a está exento e os cargos que ocupa

# O espazo Familias

PROXECTO ABALAR

Ao pinchar na ligazón de **“Ver horario do grupo do alumno/a”** na pantalla de **“Curso actual”**, amosarase o horario do grupo ao que pertence o alumno/a.




**2** Pinchando no botón **Voltar** regrésase á pantalla “Curso Actual”

**1** Permítese a descarga do horario en formato PDF

# O espazo Familias

A opción **"Escolarización"** permítelle consultar o histórico de escolarización do/a alumno/a e consultar as cualificacións obtidas no curso anterior.

Acceder aos datos de escolarización

Información sobre o nome do centro, o nivel de ensinanza, o curso no que o/a alumno/a está ou estivo matriculado e o ano escolar de matriculación




Ver detalle




1 Acceder á información pormenorizada do curso académico anterior

2 Acceder ás **materias** cursadas no curso anterior e as **cualificacións** obtidas

3 Para volver á pantalla anterior, pulse **Voltar**

# O espazo Familias

O apartado **"Datos familiares"** permite consultar os datos de contacto e, ao responsable autenticado, modificar os seus datos persoais recollidos no espazoAbalar.

Para consultar e modificar os **Datos familiares**

1 Consultar os datos do/a alumno/a

2 Permite coñecer os datos de contacto do/a alumno/a

3 Amosa os nomes dos responsables do alumno/a

4 Esta sección está destinada a **consultar e modificar** os datos de contacto do responsable autenticado.
Esta sección só estará dispoñible se o domicilio do responsable é distinto do domicilio familiar do alumno/a




A modificación dos datos familiares non se procesa de forma inmediata, será preciso esperar á actualización dos mesmos (prazo máximo 24 h).

O espazo Familias tamén pon a súa disposición o apartado de **“Servizos complementarios”.** Esta opción permite consultar os servizos complementarios á ensinanza aos que ten acceso o alumno/a, como son o transporte escolar e o servizo de comedor.

Acceder á información sobre o transporte escolar e o servizo de comedor






Neste apartado amósanse os datos máis relevantes sobre os **servizos complementarios**

“**Ver menú comedor**”: o menú de cada mes do centro ao que pertence o/a alumno/a

Pinchando no **arquivo PDF**, ábrese o impreso de recibo do comedor

Seleccionando en **“CiXTEC”** pódese realizar o pago telemático do servizo de comedor

O espazo Familias permite tamén descargar o menú do centro ao que pertence o alumno/a no caso de que este dispoña do servizo de comedor. Para isto, haberá que premer na ligazón **"Ver menú centro"** que aparece na sección de comedores na pantalla onde se amosan os **"Servizos complementarios".**

1 Nesta lista selecciónase o mes do que se quere coñecer o menú




2 Pinchando nesta icona pódese descargar o menú do centro para o mes seleccionado en formato PDF

Pinchando na ligazón"**Ver menú centro**", amosarase o menú do centro ao que pertence o/a alumno/a. O menú correspondera ao mes seleccionado e estará agrupado por semanas

No apartado de **"Servizos complementarios"** poderase realizar o pago telemático* da taxa polo uso do servizo de comedor seleccionando en **"CiXTEC",** de maneira que non será preciso desprazarse nin á entidade bancaria nin ao centro. Os pasos a realizar son os seguintes:




**1**

Unha vez seleccionado o apartado de pago telemático "CiXTEC" amosarásenos unha pantalla coa *declaración de tributos da Consellería de Facenda*, e tras seleccionar no botón **Aceptar**, poderemos comezar a cumprimentar os datos necesarios para realizar o pago telemático:

**2**

Visualizar o resumo de toda a operación, unha vez validados os datos, prememos en **Ingresar**.
Na seguinte pantalla, seleccionamos o certificado e prememos en **Asinar**.







**3**

Imprimir o xustificante do ingreso e o centro educativo recibirá comunicación inmediata de que a taxa foi pagada







** O pago telemático deberá realizalo a persoa que está rexistrada como responsable do alumno no servizo de comedor. Ademáis, polo momento tan só será posible executalo utilizando o navegador Internet Explorer*

# O espazo Familias

No espazo Familias tamén se poden consultar as faltas de conduta dun alumno/a pinchando sobre a opción o apartado **"Faltas de conduta".**

Acceder á información sobre as faltas de conduta

Dato máis relevantes sobre cada unha das faltas de conduta do/a alumno/a




Data da falta de conduta

1 Tipo de conduta

2 Descrición

3 Observacións

4 Reincidente

5 Persoa encargada de sancionar ao alumno/a

6 Medida correctiva

Pinchando neste botón amosarase o detalle de cada unha das faltas de conduta

Na opción **"Centro"** pode coñecer os datos de contacto do centro onde se atopa matriculado/a o/a fillo/a.

Para acceder a este apartado, seleccionar a opción **Centro**




Neste apartado, poden consultarse os datos de contacto do centro no que está matriculado/a o/a fillo/a (enderezo, teléfono, correo electrónico, páxina web, etc.)

# O espazo Familias

No apartado **“Calendario académico”** amósase o calendario académico do centro no que está o/a fillo/a seleccionado, indicando, para cada día, se é lectivo, non lectivo para ese centro, ou non lectivo para ningún centro.

**Calendario académico**

Permite a descarga do calendario en formato PDF




- *Día lectivo*
- *Día non lectivo en ningún centro*
- *Día non lectivo neste centro*

# O espazo Familias

En **"Subscricións"** ofrécese a posibilidade de manterse informado das últimas novidades académicas do/a fillo/a. Trátase de notificacións en forma de correo electrónico, diarias ou semanais. É preciso solicitar a subscrición para cada fillo/a.

Permite xestionar as notificacións

1 Para **darse de alta** nas subscricións é necesario introducir o contacto do **correo electrónico**




2 Tamén hai que seleccionar o **idioma** (galego ou castelán) no que se desexa recibir as notificacións

3 Seleccionar as notificacións ás que se desexa estar subscrito: notas, faltas de asistencia, recibo de comedor e outras publicacións como incidencias individuais do fillo/a ou avisos que o profesor/a realice ao seu grupo de alumnos/as

4 Escoller as opcións desexadas e finalmente premer o botón **Gardar** para que se activen as notificacións

# O espazo Familias

No apartado **"Xustificar faltas"**, ofrécese a posibilidade de xustificar as faltas de asistencia do/a fillo/a e adxuntar os arquivos explicativos necesarios, que posteriormente serán enviados ao titor/a do/a mesmo/a e/ou ao profesor/a da materia.

**Xustificar faltas**

1 Escoller a **avaliación** na que se produciu a falta de asistencia




2 Seleccionar a falta que se desexa xustificar no listado no que se amosan todas as faltas de asistencia ordenadas **cronoloxicamente**, e clasificadas pola **materia** e a **sesión**

3 **Motivo** polo que se produciu a falta de asistencia e, no seu caso, adxunte o arquivo xustificativo que será enviado ao titor/a ou profesor/a

4 Finalmente, para que se produza a xustificación, pulse **"Xustificar faltas"**,

A opción **"Citas de titoría"** permítelle concertar titorías co titor/a, sempre que o titor/a teña habilitada esta funcionalidade. Tamén poderá anular as citas xa confirmadas polo/a titor/a, xustificando ou non a cancelación. Unha vez confirmada ou anulada a titoría, recibirase un correo electrónico (ao igual que o/a titor/a).

Para solicitar unha titoría pulsar a opción **Citas de titoría**

Amosa o nome do/a **titor/a**

**Data** da titoría, o **estado** no que se atopa (confirmada, pendente ou anulada), e preséntase a opción de **Anular** a cita

Pódese cancelar a cita premendo na opción **Anular**




4 Escoller a **hora** desexada para a cita

5 Escribir as **observacións** (obrigatorio)

6 Finalmente, pulsar a opción **Gardar** para formalizar a titoría, ou **Cancelar** para que non se procese a solicitude

1 Para formalizar a cita, premer na opción **Crear cita**

2 Amosa o **horario de titorías** establecido para concertar a cita

3 Escoller a **data** na que se desexa concertar a cita no calendario (despregable). A solicitude de titorías hai realizala nun prazo mínimo de 3 días e máximo de 10.

# O espazo Familias

En **"Incidencias do alumno"** infórmase das situacións máis relevantes xeradas na aula que estean relacionadas co/a fillo/a así como os detalles de maior importancia sobre as mesmas.

**Incidencias do alumno/a**

**Asunto** da incidencia, o día de publicación e, ademais, presenta unha ligazón para acceder aos detalles da mesma

**Ver detalle,** para acceder á información pormenorizada




1 O **Nome do alumno** e o **Curso do alumno** do que se creou a incidencia

2 Amosa o titular da **Incidencia,** e dicir, a forma na que se presenta a mesma na pantalla anterior

3 Amosa unha **descrición detallada** da incidencia

4 A **Data inicio e Data fin da validez** indican o período no que as incidencias estarán visibles

5 Para regresar á lista de incidencias, pulsar **Voltar**

A opción **"Avisos e notificacións"** permíte consultar as notificacións que o titor/a ou profesor/a do/a fillo/a, o centro ou a Consellería, realiza ao conxunto de pais e nais que formen parte do grupo de alumnos/as ao que pertencen o seu fillo/a.

Pulsar a opción **Avisos e notificacións** para acceder aos anuncios ou noticias máis relevantes

Este apartado amosa o **título** do aviso, a **data** de publicación, o **tipo** de aviso segundo o axente que xerou a notificación, e ofrece a posibilidade de **ver** información detallada do aviso

Premer **Ver detalle,** para acceder á información pormenorizada




1 O **Tipo de aviso** permite identificar as notificacións segundo o creador do aviso (titor/a, profesor/a, centro ou Consellería)

2 A **Data inicio e Data fin da validez** indican o período no que os avisos estarán visibles para os responsables dos /as alumnos/as

3 Mostra o titular do **Aviso**, e dicir, a forma na que se presenta na pantalla anterior, e amosa unha **descrición detallada** do aviso

4 Para regresar á lista de avisos e notificacións pulse **Voltar**

Na páxina principal do portal, existe un apartado de Contidos orientados. Estes **apartados son públicos** polo que calquera usuario poderá acceder a eles e consultar a información e funcionalidades que recollan.

Para acceder ao apartado Prensa, seleccionaremos na pantalla de inicio o apartado de **Contidos orientados- Prensa**.

Seleccionar a opción **Prensa**




Unha vez seleccionada a opción desexada, accedemos ao apartado **Prensa**, onde se presenta a seguinte pantalla:



# Contidos para a Prensa

Dentro do apartado Prensa, podemos atopar as seguintes opcións e funcionalidades:

**Últimas novas** relacionadas co Proxecto Abalar

**Galería Multimedia:** consultar vídeos e imaxes relacionadas con este Proxecto




**Buscador**

**Calendario**

**Enquisas**

**Información sobre o Proxecto Abalar**

**Blogs:** acceso a diferentes Blogs, que permiten cubrir todas as necesidades de todos os usuarios do portal

# Moitas grazas


XUNTA
DE GALICIA